

FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO EXERCICIO 2022.

A actividade da Fundación Antonio Fraguas Fraguas no exercicio 2022, supuxo a volta á normalidade na súa actuación, unha vez rematada a situación excepcional causada pola emerxencia sanitaria dos exercicios anteriores.

A colaboración entre a Fundación, o Museo do Pobo Galego, a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, e o Concello de Cerdedo-Cotobade, permitiu desenvolver un programa conxunto encamiñado ao estudo sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico de Galicia, e en especial do contorno inmediato entre os centros escolares de Galicia, así como á promoción da figura e do traballo de D. Antonio Fraguas Fraguas, coas seguintes actividades:

1. Reedición do libro *Os animais de Fraguas*.
2. Convocatoria da XII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas, correspondente ao bienio 2022-2023.
3. Realización do programa *Cóntame un conto* de divulgación da transmisión oral do patrimonio cultural.
4. Actividade de divulgación no concello de Cerdedo-Cotobade.
5. Participación no programa *Proxecta+da* Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

No remate do exercicio, na sesión do Padroado celebrado o 28 de decembro de 2021, acordouse por unanimidade convocar a XII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas para o bienio 2022-2023, que fora adiado pola pandemia no bienio 2020-2021.

1) Reedición do libro *Os animais de Fraguas*.

A Fundación Antonio Fraguas Fraguas, dentro do seu esforzo por facilitar o acceso á obra de D. Antonio, e como se aprobara na xuntanza do Padroado do 28 de decembro de 2021, fixo unha reedición de 500 exemplares do libro *Os animais de Fraguas*.

O custo do papel tivo como resultado un incremento significativo nos custos de edición, que estaban orzamentados en 2.000,00 €, e se dispararon ata os 3.629,00 € (IVA incluído), cun custo unitario de 7,26 €, significativamente superior aos 4,35 € da primeira edición.

Grazas a que nesta edición Miguelanxo Prado e Kiko da Silva renunciaron ao cobro dos seus dereitos, puidemos manter o mesmo prezo de venda ao público en 18,00 €, que para as persoas socias do Museo do Pobo Galego se reduce a 10,00 €.

2) Convocatoria da XII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas, correspondente ao bienio 2022-2023.



O fin das limitacións causadas polo COVID-19, permitiu proceder por fin, á convocatoria da XII Edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas. A convocatoria pública aos centros de ensino foi realizada o día 3 de marzo, nun acto no que estiveron presentes o presidente da Fundación, D. Xusto Beramendi González, o secretario xeral de Política Lingüística, D. Valentín García Gómez, e o coordinador do Proxecto Didáctico, o patrón D. Francisco Fariña Bustos, cargo que despois foi asumido por D. Bieito Pérez Outeriño.

Feita a convocatoria, recibíronse na secretaría da Fundación 10 proxectos:

- Modalidade de ensino primario:
 1. CEIP Ponte dos Brozos (Arteixo), “Nas herbas, nas palabras, nas pedras”.
 2. CEIP Plurilingüe da Ramallosa (Teo), “Ecoparloteo; froitos da terra”
 3. CEIP Serra Vincios (Gondomar) “Gundemaro. Natureza + cultura = patrimonio gondomareño”
 4. CEIP San Martiño (Salcedo) “O patrimonio de Salcedo e os saberes de muller”

- Modalidade de ensino secundario:
 1. IES Monte Castelo (Burela) “A sustentabilidade das artes de pesca a través do proceso de encascado das redes”
 2. IES do Milladoiro (Ames) e IES Marco do Camballón (Vila de Cruces) proxecto conxunto, “Ao son da oralidade. O noso patrimonio. Da pedra á palabra. Da prehistoria ao século XXI”.
 3. IES Ponte Caldelas (Ponte Caldelas), “A memoria dos camiños. Unha perspectiva antropolóxica de xénero na Vía Mariana”
 4. IES Ánxel Fole (Lugo), “Arte urbana lucense”
 5. IES Val Miñor (Nigrán) “Os locais de lecer no Nigrán do século XX”
 6. IES Ribeira do Louro (Porriño) “O monte de man común”

Os proxectos presentados foron remitidos aos membros do xurado, xunto cun informe técnico dos mesmos elaborado por D. Bieito Pérez Outeiriño.

O pasado 20 de xuño, procedeuse á reunión do xurado que estaba formado por:

- D. Clodio González Pérez, en representación da presidenta da Fundación Antonio Fraguas Fraguas.
- D^a. Encarna Otero Cepeda, en representación da Dirección do Museo do Pobo Galego.
- D^a. Pura Galán Boutureira, en representación da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- D^a. María Manuela Leis Cambeiro, en representación da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- D- Xosé Manuel González Reboredo.
- D. Francisco J. Sanjiao Otero, como Secretario.

Na reunión estivo ausente D. Xosé Manuel González Reboredo por ter que asistir a unha cita médica inexcusable, se ben deixou as súas consideracións ao secretario para que as trasladara ao resto dos membros do xurado.

Examinados os traballos presentados en cada modalidade, tras o debate e as deliberacións pertinentes, e despois de consultar telefonicamente o fallo co membro ausente, o xurado acordou:

- Conceder por unanimidade, o premio da modalidade de ensino primario ao proxecto *Ecoparloteo, froitos da terra*, do CEIP Plurilingüe da Ramallosa (Teo). Destacan deste proxecto o esforzo para recuperar o patrimonio lingüístico e conseguir que a súa comunidade, cunha parte de persoas que falan en castelán, se convirtn en neofalantes en galego, así como a calidade e diversidade das actividades e soportes empregados.
- Conceder por unanimidade o premio da modalidade de ensino secundario, ao proxecto *Ao son da oralidade. O noso patrimonio. Da pedra á palabra. Da prehistoria ao século XXI*, presentado conxuntamente polo IES do Milladoiro (Ames) e o IES Marco do Camballón (Vila de Cruces). Destacan deste proxecto a creación e desenvolvemento dun proceso innovador de participación das comunidades educativas no coñecemento, valoración e difusión do patrimonio material e inmaterial de ámbolos dous concellos, como impulsor e dinamizador social e cultural. Por este motivo, o xurado propón que ámbolos dous centros, en colaboración cos seus concellos e as diversas entidades culturais poñan en marcha rutas con visitas guiadas que mostren esta inmensa riqueza a residentes e visitantes.

Os membros do xurado destacaron a calidade das propostas presentadas, tanto no caso de ensino primario como no de secundario, e a súa implicación coas comunicades respectivas. Agardan que en vindeiras edicións, se mantexa esta calidade, e a ser posible que se amplíe a máis centros. Déronlle os parabéns a todos os centros presentados polo seu esforzo.



Os dous centros premiados recibiron o premio o 29 de xuño de 2022 na Biblioteca Baltar do Museo do Pobo Galego en San Domingos de Bonaval, consistente en diploma e 4.000,00 € para cada categoría.

Iniciado o curso académico 2022-2023, os centros premiados están realizando os traballos para facer unha exposición no Museo do Pobo Galego prevista nos meses de setembro-outubro do 2023. Esta musealización esta coordinada polo patrón do Museo do Pobo Galego D. Bieito Pérez Outeiriño.

3) Realización do programa Cántame un conto de divulgación da transmisión oral do patrimonio cultural.

A edición piloto do programa Cántame un conto resultou un éxito grazas á colaboración entre os centros participantes, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas.

Nesta primeira edición participaron 19 mestres e 359 nenos e nenas dos centros CEIP



Plurilingüe A Ramallosa, Colexio La Salle, CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Lamas de Abade, CEIP Plurilingüe San Marcos, Colexio San Jorge, CPI San Sadurniño e IES Marco do Camballón que realizaron un traballo continuado con contos tradicionais. O obxecto de traballo neste proxecto é unha parte senlleira do noso patrimonio oral inmaterial, os contos tradicionais, a súa utilización polo profesorado como ferramenta pedagóxica, vencellada a medios de comunicación e difusión dixitais moi valorados polo estudiantado no ensino primario e secundario, fai posible unha mellora do seu coñecemento da nosa cultura, ao tempo que promove o uso e difusión da lingua galega nestas idades.

Os días 19 de xaneiro e 6 de abril de 2022, a Fundación celebrou nas instalacións do Museo do Pobo Galego dúas sesións de seguimento do traballo elaborado a partir dos contos tradicionais, ás que asistiron as persoas responsables de cada un dos centros educativos participantes no proxecto,.

O remate deste programa puxo o seu ramo o 30 de maio coa celebración no Teatro Principal de Santiago do acto de fin de curso coa asistencia de máis de 400 persoas. O acto deu comezo coa benvinda da presidenta da Fundación Fraguas, e discorreu durante dúas horas nas que puidemos gozar de contos e música en directo.



O acto estivo amenizado pola contacontos María da Pontragha, que exerceu de mestra de cerimonia, e polas agrupacións musicais do CEIP Plurilingue A Ramallosa: Ramalloseiras, Galeg@s Troupe e Tanxugueiriñas. Durante o evento proxectáronse tres vídeos: o de presentación do proxecto - elaborado por Illa Bufarda -, e os dous elaborados por Theresa Pérez Lousame, que consistían nun resumo do traballo feito nos centros durante o curso, con imaxes de tódolos/as nenos/as participantes recollendo, transcribindo e contando contos.

Durante o evento proxectáronse tres vídeos: o de presentación do proxecto - elaborado por Illa Bufarda -, e os dous elaborados por Theresa Pérez Lousame, que consistían nun resumo do traballo feito nos centros durante o curso, con imaxes de tódolos/as nenos/as participantes recollendo, transcribindo e contando contos.

No transcurso do acto, os representantes de cada centro (un do alumnado e outro do profesorado), recolleron nun diploma para o centro, unha placa conmemorativa coa imaxe do proxecto e unha bolsa con gorras para todo o alumnado.

Tres representantes escollidos entre tódolos centros encargáronse de contar un conto en directo: Lía de Castiñeiras, do CEIP Plurilingue da Ramallosa contou “O raposo e o ghato”; Luca do CEIP Plurilingue San Marcos contou “O demo Rapatú” e Brais do CEIP Lamas de Abade contou “O cura ó que lle marchou o sacristán”, e pechouse o acto co grupo As Tanxugueiriñas.

Rematada a I edición do proxecto Cántame un conto no mes de maio, poden consultarse no portal dixital do proxecto <http://museodopobo.gal/contame-un-conto> un total de 24 contos pertencentes aos fondos do APOI, 50 vídeos realizados polos escolares durante o curso, e 2 vídeos resumes das actividades relacionadas durante o curso.



No pasado mes de novembro fíxose a convocatoria da II edición do proxecto Cántame un conto, para o curso escolar 2022-2023. O narrador Celso Fernández Sanmartín participou nun novo vídeo profesional de contos que será empregado como modelo para o traballo a realizar nos centros educativos polo profesorado procedeuse á convocatoria da II edición

O 9 de novembro celebrouse un curso de formación no que interveñen especialistas en contos populares e elaboración de vídeos didácticos, organizado polo Museo do Pobo Galego, ao que asistiu o profesorado que vai coordinar as actividades nos distintos centros. Nesta edición participan o colexio La Salle de Compostela, o CEIP PLUR da Ramallosa (Teo), o CEIP Lamas de Abade de Compostela, o CPI San Sadurniño de San Sadurniño, o CEIP Santiago Apóstolo de Compostela, e o CEIP PLUR San Marcos de Abegondo, con 510 alumnos contabilizados.

4) Actividade de divulgación no concello de Cerdedo-Cotobade.

Dentro da colaboración co concello de Cerdedo-Cotobade, o 7 de xullo, o vogal D. Clodio González Pérez e o secretario da Fundación, D. Fco. Javier Sanjiao Otero deron unha charla divulgativa no Centro Cultural e Turístico Antonio Fraguas Fraguas de Carballedo, acerca da relación de D. Antonio con Cotobade e do proceso de elaboración do libro Na memoria dos veciños.



O acto foi presentado polo alcalde de Cerdedo-Cotobade e vogal da FAFF, D. Jorge Cubela López, e contou coa presenza dun gran número de asistentes. Despois do acto repartíronse aos asistentes exemplares do libro.

5) Participación no programa Proxecta+ da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia. Participación no Plan Proxecta+ da Consellería de Cultura, Educación e Turismo da Xunta de Galicia.

Continuouse coa participación da Fundación no plan Proxecta+, coordinada polo patrón D. Francisco Fariña Busto, contando co apoio de D. Bieito Pérez Outeiriño. Durante o curso 2021-2022 participaron os centros IES Marco do Camballón, IES Ánxel Fole, IES Val Miñor, CPR Plurilingüe Divina Pastora, IES Plurilingüe Eusebio da Guarda, IES Monte da Vila, IES Ramón Otero Pedrayo, IES do Milladoiro, IES Espiñeira.

Durante o curso 2022-2023 están participando 14 centros educativos. O IES Gregorio Fernández (Sarria, Lugo), CEIP San Martiño (Salcedo, Pontevedra), CPR Plurilingüe Manuela Rial Mouzo (Cee, A Coruña), IES Curtis (Curtis, A Coruña), CEIP Marbán (As Somozas, A Coruña), CPR Plurilingüe Divina Pastora (Ourense), IES Breamo (Pontedeume, A Coruña), IES Ánxel Fole, IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo), CEIP Plurilingüe dos Blancos (Os Blancos, Ourense), IES Espiñeira (Boiro, A Coruña), IES Oroso (Oroso, A Coruña), IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras, Ourense) e IES Vilar Ponte (Viveiro, Lugo)

En Santiago de Compostela, a 7 de maio de 2023

Concepción Losada Vázquez
Presidente da Fundación Antonio Fraguas Fraguas

COMPOSICIÓN DO PADROADO DA FUNDACIÓN

Presidente de Honra: Sr. Presidente da Xunta de Galicia

Presidenta: D^a. Concepción Losada Vázquez

Vicepresidente primeiro: en representación do Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística

Vicepresidente segundo: en representación do Sr. Alcalde do concello de Santiago de Compostela, D^a. Mercedes Rosón Ferreiro, concelleira responsable de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural e primeira tenente de alcalde

Vicepresidente terceiro: D^a. María Xosé Fernández Cerviño

Vogais: D. Francisco Fariña Busto,

D^a Encarna Otero Cepeda

D. Xosé Antonio Gómez Segade

D. Manuel Vilar Álvarez

D. Xosé Manuel González Reboredo

D. Clodio González Pérez

D. Xerardo Estévez Fernández

D^a. Carolina Martínez Paz, en representación da familia

D. Jorge Cubela López, Sr. alcalde do concello de Cerdedo-Cotobade

D. Lino Lema Bouzas

Secretario: D. Francisco Javier Sanjiao Otero